

XII Xornada Realiter *Terminoloxía e Normalización*

Santiago de Compostela, 9 e 10 de xuño de 2016
Universidade de Santiago de Compostela

A XII Xornada Científica Realiter dedicárase nesta ocasión a “Terminoloxía e Normalización”. Normalización entendida nos dous sentidos que esta palabra posúe en varias linguas románicas, a saber, por un lado a extensión do uso da lingua naqueles contextos en que se considere preciso, e polo outro, á estandarización do corpus das linguas de especialidade.

Realiter, dende a súa creación, prestou atención prioritaria a estes dous significados, a promoción do multilingüismo e a diversidade lingüística e tamén ao desenvolvemento harmónico das linguas neolatinas.

Polo tanto as conferencias e os relatorios tratarán os temas seguintes:

- O lugar da terminoloxía nas diversas políticas lingüísticas
- A contribución da terminoloxía ao sostemento da diversidade lingüística
- A implantación da terminoloxía: políticas, experiencias, resultados
- Terminoloxía e estandarización
- A estandarización e a variación terminolóxica
- Procedementos de estandarización

As propostas de relatorios, (arredor de 400 palabras), redactadas nalgunha das linguas oficiais da rede, deberán enviarse á Secretaría de Realiter (realiter@unicatt.it) en formato pdf ou doc ata o 15 de marzo de 2016, (prorrogado ata o 31 dese mesmo mes), acompañadas dos datos persoais do autor ou autores. No documento pdf ou doc deberán figurar soamente o título e o texto da proposta de comunicación; non aparecerá ningún elemento que poida identificar ao autor ou autores. Na mensaxe electrónica dirixida á Secretaría da rede (á que se xuntará o documento en pdf ou doc) especificaranse con claridade o nome do autor ou autora, así como a institución á que pertenza. Todas as proposicións recibidas serán sometidas á avaliación do Comité Científico.

Calendario:

15 de marzo de 2016: data límite de recepción de propostas:

Prorrogado o prazo ata o 31 de marzo

30 de abril de 2016: notificación de aceptación de propostas aceptadas:

30 de xuño de 2016: recepción da versión definitiva dos relatorios

Comité Científico

Ieda María Alves, Universidade de São Paulo

María Teresa Cabré Castellví, Universitat Pompeu Fabra

Manuel Célio Conceição, Universidade do Algarve

Loïc Depecker, Délégation générale à la langue française et aux langues de France (DGLFLF)

Joaquín García Palacios, Universidad de Salamanca

Manuel González González, Termigal, Centro Galego de Terminoloxía

Estela Lalanne de Servente, Colegio de Traductores Públicos de la Ciudad de Buenos Aires

Patricia Ojeda, Bureau de la Traduction/Translation Bureau

Corina Lascu Cilianu, Academia de Studii Economice din Bucuresti

Manuel Núñez Singala, Universidade de Santiago de Compostela

María Pozzi, El Colegio de México

Maria Teresa Zanola, Università Cattolica del Sacro Cuore

Secretaría

Patrizia Guasco, Università Cattolica del Sacro Cuore